

Señor Presidente do xurado Premios Cidade de Pontevedra.

Axunto se remite Memoria Xustificativa propoñendo ó Centro de Recursos Educativos da ONCE para os Premios Cidade de Pontevedra do presente ano, na súa variante persoa xurídica coincidindo co 75 Aniversario da súa Fundación.

Para que así conste asino o presente documento en Pontevedra, a 17 de decembro do 2018.

**DOWN** XUNTOS  
Asociación  
Síndrome  
de Down  
Pontevedra  
C.I.F.: G-26184867  
Rúa Gorgullón nº 41, 36003 Pontevedra  
Telf./Fax: 986 865 538  
E-mail: xuntos@downgalicia.org

Asdo. Manuel Pérez Cabo  
Presidente de Down Pontevedra XUNTOS

Baixo o lema “Orgullosos do pasado, comprometidos co presente e ilusionados co futuro”, o Centro de Recursos Educativos da ONCE celebrou, en 2018, o seu 75 Aniversario de actividade docente na cidade de Pontevedra.

Quizais a existencia en Santiago de Compostela dun colexio previo de persoas cegas e xordas, subvencionado polas deputacións galegas, ou as sempre difíciles comunicacións entre Galicia e Madrid, tiveron que ver coa aposta firme polo proxecto educativo “Colexio nº 2 da ONCE”, bautizado despois como Colexio Santiago Apóstol de Pontevedra.

Grazas ao respaldo de decididos impulsores galegos e da Dirección da ONCE, este Centro de Recursos, enraizado nas Rías Baixas, foi a segunda aposta educativa tras o primeiro centro creado en Madrid.

O traballo incansable da xente da ONCE comezou por mellorar as primitivas instalacións do edificio, de modo prudente, humilde e persistente. A indiscutible vocación e compromiso do persoal, sempre profesional, innovador e proactivo e o cariño que o alumnado e entornos lle foron entregando, foron os pilares para consolidar o centro como un dos grandes referentes educativos da ONCE.

Así, este centro, dentro da modalidade de réxime residencial, foi a única alternativa para a escolarización na antiga ensinanza primaria e xeral básica das nenas e nenos cegos do norte de España durante a segunda metade do século pasado. Esta escola entendía a formación como a adquisición dunha cultura xeral e artística. A autonomía persoal e o deporte específico adquiriron categoría de obxectivos preferentes e a socialización empezou a entenderse non só como unha necesidade, senón como un dereito. Todo isto foi xerando sentimentos de pertenza, compromiso e solidariedade entre as persoas con discapacidade visual e creando comunidade, a ONCE, organización que estaba dando os seus primeiros pasos. Foron moitos os estudantes que sementaron nas súas vidas coñecementos e valores para o exercicio da súa plena cidadanía.

A década de 1980 trouxo a España importantes avances comunitarios e cambios na lexislación educativa, e comezouse a falar decididamente da integración. Isto posibilitou que un escolar con discapacidade visual puidese estudar, como calquera mozo, na escola do seu barrio, camiñar diariamente ao colexio cos seus irmáns e veciños e non ter que separarse da súa familia para recibir educación académica. Esta circunstancia obrigou a que no Colexio Santiago Apóstol se iniciase unha necesaria metamorfose, ao igual que acontecía cos seus centros irmáns de Alacant, Barcelona, Madrid e Sevilla: a transformación en Centro de Recursos Educativos.

Os profesionais cambiaron as accións educativas específicas realizadas durante tantos anos nun centro específico para alumnado con discapacidade visual por un enfoque educativo que prestaba apoio na aula, o centro e o entorno de cada un dos alumnos e alumnas. Segundo as necesidades

detectadas tivo que multiplicar recursos, desprazamentos, adaptación de materiais, etcétera. A orientación e formación ao profesorado que recibe, desde o inicial descoñecemento, a estudantes cegos ou de baixa visión na escola ordinaria, foron a súa prioridade desde ese momento até hoxe.

Moito é o traballo realizado, en ocasións silencioso e persistente, pero constante como a talla do afanado escultor sobre a pedra; nunhas ocasións invisible e noutras ocasións, multicolor.

O centro prosegue nun proceso de cambios continuos en educación e os seus profesionais dedican todo o esforzo a que se valore a diversidade como parte do cotián e apostan por derribar barreiras: mellorando até gañar a accesibilidade e manexo das novas tecnoloxías aplicadas á educación, fomentando o dominio de idiomas ou apoiando a cooperación entre institucións educativas e organizacións, así como a mobilidade de estudantes para completar estudos e experiencias.

Como referente pontevedrés e internacional na educación de persoas con discapacidade visual, unha das súas prioridades é o traballo en rede (dentro e fóra da nosa comunidade) e en proxectos locais, pois non hai inclusión sen a participación da cidadanía e os axentes sociais; os obxectivos teñen que ser comunitarios. Fóra de España, desde agosto de 2017 iniciouse unha colaboración co NCBI<sup>1</sup> de Irlanda (asociación de cegos en dito país) e intercambiáronse actividades e experiencia.

Para o centro é un orgullo asentarse na cidade de Pontevedra. Desde este punto xeográfico, apoia a inclusión educativa e laboral de 500 estudantes con discapacidade visual de Galicia e Asturias.

Na traxectoria deste CRE proporcionouse emprego a centenaes de pontevedreses, moitos deles con discapacidade visual. Tamén foi cómplice e testemuña de como usuarios atendidos e as súas familias namoraron da cidade e do seu entorno.

Na celebración dos Cursos de Verán do ámbito galaico-astur e dos cursos nacionais de inglés, que se organizan desde hai máis de 18 anos, aos que asisten 60 estudantes procedentes de España, Portugal e Italia, esta cidade é un punto de encontro para eles e para as súas familias e retornan proxectando e recordando o seu encanto.

Ser fonte de oportunidades de vida, promotor do emprego para persoas con discapacidade nesta comunidade, bandeira visible da cidade, potenciador da súa accesibilidade, referente profesional e técnico en España e no mundo da ensinanza de persoas con discapacidade visual e porta para o coñecemento e

<sup>1</sup> National Council for the Blind Ireland

a chegada de visitantes á cidade, son algúns dos froitos do traballo de persoas para e por persoas que perseguen a finalidade inclusiva como obxectivo último.

Por todo isto, consideramos que este Centro de Recursos Educativos da ONCE, tras 75 anos de presenza e o seu destacado traballo no ámbito da educación e o social, é merecedor do Premio Cidade de Pontevedra 2018 na súa Modalidade Colectiva.

**DOWN**  
XUNTOS  
Asociación  
Síndrome  
de Down  
Pontevedra  
C.I.F.: G-36164887  
Rúa Gorgullón, nº 41, 36003 Pontevedra  
Tlfno.: 986 865 538  
E-mail: xuntos@downgalicia.org